

# Todos á folga xeral o 29 de marzo



¡Non á reforma laboral!  
¡Non ós recortes sociais!  
¡Que a crise a paguen os seus  
responsables: os capitalistas e a banca!

## O 29-M debe se-lo primeiro paso no camiño da rebelión social contra os ataques do PP

CCOO, UGT e CIG convocan folga xeral para o 29 de marzo. A tarefa de todo mozo ou traballador consciente é poñer todo o que estea na súa man para que esta folga sexa masiva, ampla e contundente. Debemos converte-lo 29 de marzo nunha gran demostración de forza da clase obreira de todo o Estado español, que diga ¡basta de recortes, de perda de dereitos, de humillación e represión cotiá no posto de traballo!

O decretazo de reforma laboral é un ataque brutal que dinamita dereitos históricos conquistados pola clase obreira ó longo dunha loita de décadas e terá consecuencias gravísimas. Tódolos traballadores sen excepción (parados ou activos, novos ou maiores, fixos ou eventuais, da empresa privada, da empresa pública ou da Administración) veremos empeorar moi seriamente as nosas condicións laborais.

Ó goberno do PP, fiel defensor dos intereses empresariais, faltoulle tempo para aproveitar a conxuntura e tratar de devolvernos ás relacións laborais do século XIX. A reforma non só non creará emprego, senón que incrementará o paro a niveis insuportables e rebaixará os salarios, tal como demostran as medidas incluídas no decreto:

- ⇒ **Eliminación do contrato fixo con indemnización de 45 días por ano traballado** (cun máximo de 42 mensualidades), que será substituído polo fixo barato (33 días e 24 mensualidades). Para os contratos anteriores, mantense a indemnización de 45 días até a data de entrada en vigor da reforma; a partir dela, rexerán os 33 días. A indemnización real redúcese en case un 50%. A reforma tamén suprime os salarios de tramitación, un dereito histórico de protección dos traballadores fronte ó despedimento improcedente.
- ⇒ **Facilita e xeneraliza o despedimento** ó considerar procedente (indemnización de 20 días por ano e un máximo de 12 mensualidades) os despedimentos, tanto individuais como colectivos, por causas económicas. Entenderase por causas económicas “cando dos resultados da empresa se desprenda unha situación económica negativa, como a existencia de perdas actuais ou previstas ou a diminución persistente do

seu nivel de ingresos ou vendas. En todo caso, entenderase que é persistente se se produce durante tres trimestres consecutivos”. É dicir, aínda que a empresa teña beneficios, unha mera diminución das vendas xustificará os despedimentos procedentes.

- ⇒ **Eliminación da autorización administrativa dos ERE.** Os empresarios non terán que xustificar ante a autoridade laboral os ERE e, en caso de desacordo co comité de empresa, prevalecerá a decisión patronal. Así mesmo, os ERE poderanse aplicar ó persoal laboral das administracións públicas. Centos de miles de traballadores públicos poderían ser despedidos unha vez que o PP aprobe os orzamentos xerais e aplique o anunciado recorte de 40.000 millóns de euros.
- ⇒ **As empresas poderán reducir unilateralmente os salarios para mellora-la competitividade.** Esta medida tamén abre as portas ás represalias e despedimentos contra os traballadores e delegados sindicais que desafíen á patronal. Así mesmo, poderán modificar outros aspectos, como xornada, horarios, quendas, etc.
- ⇒ **Eliminación do requisito do 2,5% de absentismo global no persoal como causa de despedimento obxectivo.** O traballador poderá ser despedido con 20 días “por faltas de asistencia ó traballo, aínda xustificadas pero intermitentes, que alcancen o 20 % das xornadas hábiles en dous meses consecutivos, ou o 25 % en catro meses descontinuos dentro dun período de doce meses”. Noutras palabras, estar enfermo pasa a ser causa de despedimento.
- ⇒ **Os parados que cobren a prestación serán obrigados a realizar traballo social,** converténdose en man de obra barata.
- ⇒ **Novo contrato para empresas de menos de 50 traballadores** subvencionado. O INEM pagará ó empresario o 25% do salario do traballador. Ademais, o período de proba será de 1 ano, o cal significa despedimento libre e de balde durante todo ese tempo.
- ⇒ **Desaparición da prórroga indefinida dos convenios colectivos,** cuxa vixencia queda limitada a dous anos desde a data da súa finalización. Tras eses dous anos, o convenio desaparece e os traballadores só estarán protexidos polo convenio de sector (se o hai) ou pola lei xeral. Nun contexto de crise e paro

masivo, esta medida obrigará ós traballadores a aceptar un empeoramento das condicións laborais a risco de quedarse sen convenio colectivo.

- ⇒ **Facilitase o descolgue dos convenios colectivos por parte das empresas.** O empresario poderá deixar de aplica-lo convenio por diminución da facturación durante dous trimestres.
- ⇒ **Prevalencia do convenio de empresa sobre calquera outro.** Moitos empresarios, con ameazas, obrigarán ós seus traballadores a asinar un convenio de empresa que rebaixe substancialmente o convenio de ámbito superior en que actualmente están encadrados.
- ⇒ **Entrada das ETTs nos servizos públicos de emprego.** Da forma máis descarada, a dereita converte o desemprego nun negocio para os capitalistas.

En definitiva, a reforma laboral do PP pretende implanta-lo terror nas empresas para incrementar escandalosamente os beneficios empresariais a costa dun empobrecemento xeral da clase obreira.

### **Fracaso do sindicalismo de diálogo social**

O pasado 25 de xaneiro, os dirixentes de CCOO e UGT, seguindo a súa liña de aceptar recortes para evitar, supostamente, males maiores, asinaron coa patronal un acordo que certificou un novo retroceso, ó aceptar subidas salariais do 1%. Unha concesión máis que se sumou a outras anteriores, como o recorte das pensións de xaneiro de 2011 co PSOE, que ampliou a idade de xubilación ós 67 anos. Con esta política de pactos e concesións, os dirixentes de CCOO e UGT pensaron que evitarían que o PP lexislara brutalmente contra os traballadores. Pero a experiencia derrubou estrepitosamente esta estratexia. Como os marxistas explicamos sempre, “a debilidade invita á agresión”.

As manifestacións do 19 de febreiro, nas que millóns de traballadores inundaron as rúas das principais cidades de todo o país, o impacto causado por esta reforma laboral nas propias estruturas sindicais, a campaña de criminalización dos sindicatos de clase por parte da dereita e a prepotencia do PP e dos empresarios foron unha presión demasiado forte que finalmente obrigou ós dirixentes de CCOO e UGT a convocar esta folga xeral.

### **¡Só hai un xeito de paralos!**

Os traballadores e sindicalistas de EL MILITANTE faremos todo o que estea na nosa man para que esta folga sexa un éxito rotundo, pero tamén demandaremos que o 29 de marzo teña continuidade e non descarrile nun proceso de negociación totalmente estéril, como ocorreu trala folga xeral do 29 de setembro de 2010. Os ataques anunciados polo goberno, como o recorte do gasto social en 40.000 millóns de euros nos próximos orzamentos xerais do estado, demostran que só unha auténtica rebelión social dos traballadores e a mocidade, unha loita masiva, contundente, organizada e sostida no tempo, pode parar á dereita e á patronal.

A folga xeral do 29 de marzo debe marca-lo inicio dunha ofensiva que se manteña, estenda e endureza, con novas folgas xerais e accións unificadas, até obrigar ó PP a retirar-la reforma laboral e os recortes sociais. Unha folga que debe ser organizada democraticamente a partir de asembleas nos centros de traballo e barrios de tódalas localidades e en plena unidade de acción dos tres sindicatos (CCOO, UGT e CIG). Non se pode repetir-lo que pasou na folga xeral do 29 de setembro de 2010, cando tras asembleas e piquetes conxuntos, houbo manifestacións por separado. Por diferenzas que poda haber de modelo sindical ou entre as cúpulas, hai máis que os une que os separa, sobre todo en momentos coma este, en que se necesita a máxima unidade na acción.

Pero non só debemos loitar contra os efectos da crise do capitalismo. Tamén debemos loitar contra a causa de fondo destes ataques: o propio sistema capitalista, que representa unha ameaza para a humanidade. Todo o que está pasando ten culpables: os grandes monopolios, a banca, os capitalistas e empresarios, que deciden sobre a nosa existencia e exercen unha auténtica ditadura. Por iso a loita por unhas condicións de vida dignas debe estar totalmente ligada á loita pola revolución socialista, para que a riqueza que os traballadores creamos co noso esforzo deixe de estar ó servizo dun feixe de parásitos e se poña ó servizo do benestar de todo o xénero humano. Hoxe máis que nunca o auténtico dilema é: *socialismo ou barbarie*.

## **ÚNETE Á CORRENTE MARXISTA EL MILITANTE E LOITA CONNOSCO POR:**

- Retirada da reforma laboral.
- Xornada laboral de 35 horas sen redución salarial.
- Salario mínimo de 1.100 €.
- Non á precariedade. Fixos aos 15 días.
- Subsidio de desemprego indefinido até atopar un traballo.
- Basta de perdas de poder adquisitivo. Por unha escala móbil prezos-salarios.
- En defensa da sanidade e do ensino públicos, basta de recortes e privatización.
- Anulación das hipotecas abusivas.
- Expropiación baixo control obreiro das empresas que se declaren en creba ou en suspensión de pagos.
- Nacionalización da banca e os monopolios baixo control obreiro e sen indemnización, salvo en caso de necesidade comprobada.
- Impulsar dentro de CCOO e UGT unha forte corrente de esquerdas en defensa dun sindicalismo combativo, de clase e democrático.